

ÍNDICE

1. COMPOÑENTES DO DEPARTAMENTO
2. MATERIAS IMPARTIDAS
3. LIBROS DE TEXTO
4. RESULTADOS ACADÉMICOS.
5. CONTIDOS IMPARTIDOS.
6. OUTRAS ACTIVIDADES REALIZADAS.
7. AVALIACIÓN DA ACTIVIDADE DOCENTE E PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

1. COMPOÑENTES DO DEPARTAMENTO

Durante o curso 2022-2023 os profesores integrantes do Departamento de Educación Física foron:

Marta Álvarez Carril, J. Carlos Ferro e Esther González.

2. MATERIAS IMPARTIDAS

Os dous primeiros membros son especialistas en EF e Marta e especialista en Economía. Completa o seu horario coa materia de EF. Según a normativa actual, imparte a materia da que non é especialista no curso máis baixo, 1º ESO.

3. LIBROS DE TEXTO

Non se empregou libro de texto e tampouco se vai a poñer par ao vindeiro curso. A nosa especialidade é práctica e vivencial, polo que primamos o movemento. Para acompañar a práctica utilizaremos contidos teóricos que serán proporcionados polo profesorado.

4. RESULTADOS ACADÉMICOS.

O alumnado de Marta obtivo os seguintes resultados:

1º A	CALIF	Nº ALU	1ºB	CALIF	Nº ALU	1ºC	CALIF	Nº ALU
	5			5			5	
	6			6	3		6	7
	7	7		7	13		7	8
	8	15		8	4		8	5
	9	9		9	10		9	9
	10			10			10	
	TOTAL	31		TOTAL	30		TOTAL	29

CALIF: Calificacións; Nº ALU: número de alumnos.

En cuanto ó alumnado de Esther, os resultados foron os seguintes:

En 2º ESO "A" e "C" 100% de aprobados e 2º ESO "B" houbo 27 aprobados e 2 suspensos. En 3º ESO "A" e "C" 100% de aprobados e 3º ESO "B", 25 aprobados e 1 suspenso. En 4º ESO "C", 100% aprobados.

No Bacharelato nocturno, de 15 alumnos, 12 aprobados e 3 suspensos.

Os resultados do alumnado de Carlos foi o seguinte:

4º ESO A	CALIF	Nº ALU	4º ESO B	CALIF	Nº ALU
	5	1		5	1
	6			6	1
	7	4		7	2
	8	11		8	9
	9	3		9	8
	10	4		10	1
	TOTAL	23		TOTAL	23

1ºA	CALI	Nº AL	1ºB	CALI	Nº AL	1ºC	CALI	Nº AL	1ºD	CALI	Nº AL	1ºE	CALI	Nº AL
	5			5	2		5	4		5	7		5	1
	6			6	1		6	2		6	2		6	2
	7	2		7	5		7	10		7	3		7	3
	8	9		8	4		8	4		8	8		8	7
	9	8		9	9		9	3		9	4		9	7
	10	8		10	1		10			10			10	6
	TOT AL	27		TOT AL	22		TOT AL	27		TOT AL	24		TOT AL	26

En 1º Bach “E” un alumno tivo un 3, o único suspenso porque abandonou a materia no mes de abril.

A dinámica dos resultados é a mesma dos últimos anos. Bos resultados en xeral aínda que notamos que o alumnado cada vez é máis sedente. Isto ben motivado polo tivo de vida que fan, máis sedentario. Segue habendo un alto número de alumnos que participan en escolas deportivas e clubs deportivos, pero fóra do seu horario de entreno, o seu tempo de ocio está moi dominado polas pantallas. Tamén seguen asociando a materia de EF cunha materia de xogo, pouco intensa ou pouca esixente físicamente. Neste aspecto o profesorado pode ter máis protagonismo para revertir esta situación.

5. CONTIDOS IMPARTIDOS

Foron impartidos todos os contidos da programación.

6. OUTRAS ACTIVIDADES REALIZADAS

Este curso o Departamento foi un gran impulsor de actividades e dinamizador do instituto. No mes de decembro, Esther González organizou as **I Xornadas de Deporte Inclusivo**. Houbo charlas con conferenciantes de primeiro nivel como Marcos Casal (Presidente Federación Galega Deporte Adaptado), José Diéguez (CEO de Prado Surf), Alfredo Vázquez (Olímpico Vela Barcelona 1992), Julio Bernárdez (ex-xogador de baloncesto), Arturo Castañeda (bicampeón do mundo en fisioculturismo) e Javier Pitillas (Discamino). No Anexo I, hai unha valoración das Xornadas que fixo Carlos Ferro entre o seu alumnado (1º Bacharelato e 4º ESO “A” e “B”) e que tamén pasou ó profesorado.

Excursión á neve: Esther organizou unha saída a Panticosa para o alumnado de 4º ESO a que finalmente irán 55 alumnos na semana do 27 ó 31 de marzo. Tamén estará acompañada por Marta, profesora de Economía que imparte EF en 1º ESO. A porcentaxe de participación foi a seguinte: 4º ESO A - 69%, 4º ESO B - 86%, 4º ESO C - 65 %. Esther coordinou o PFPP “O deporte inclúe no Santa Irene” e fixa unha formación cun relator externo o 21 de marzo e unha formación para o profesorado sobre mindfulness.

O Departamento decidiu participar no plan DAFIS a pesares de non contar co Plan Proxecta polo relatado na reunión do departamento do mes de outubro, cando a directora Nuria Veiga presentou o proxecto fóra de prazo. Carlos xestionou o baúl de material para pasar as probas e enviáronselles os informes DAFIS ó correo persoal de cada alumno. Carlos coordinou o PFPP “Polos Creativos” e foi responsable dos “Polos Creativos” desde o mes

de novembro. Carlos Ferro organizou a charla “Os pes no deporte” impartida por Francisco Alonso Tajés para 1º Bacharelato “D” e “E” no paraninfo o 16 de xaneiro. Asemade, organizou a charla “A ciencia no deporte: como aplicamos as matemáticas, a física, a bioloxía e a química” impartida por Eliseo Iglesias e Manuel Giráldez. Carlos Ferro tivo alumnado en prácticas na modalidade do grao e na modalidade do Máster en Formación do Profesorado. No primeiro caso, Óscar Abalde, alumno de 4º INEF Pontevedra fixo o practicum do grao e no segundo caso Tomás García. Carlos participou no pioneiro programa EduTecEmprende con 1º Bacharelato “A”.

O Departamento de EF tradicionalmente é proclive a dinamizar un centro e aumentar os tempos de actividade física. Os recreos seguiron a ser bastante dinámicos. A liga de tenis de mesa non se realizou porque a maioría do alumnado participante era de 1º ESO e non cumpriu o calendario.

Dotouse de máis material deportivo fixo, como a escaleira de calistenia no mes de novembro e os dous postes de voleibol na pista posterior. Pensamos que sería interesante contar con alumnado colaborador para organizar ligas e recreos activos a través de retos deportivos.

Finalmente, para rematar o curso, nos dous últimos días, organizamos dúas ligas, unha de voleibol e unha de fútbol. O penúltimo día organizouse nas dúas últimas horas a liga de voleibol entre a pista vermella e a pista do instituto. Eran 8 equipos. En canto a xornada de fútbol, con bastantes dificultades pola inexistencia de porterías de fútbol na pista exterior. Solicitamos a instalación ó xerente do complexo deportivo As Travesas, pero na última semana retiraron as porterías de fútbol (estiveron todo o curso académico colocadas). Decidiuse xogar un grupo coas porterías de hochei herba e outro coas porterías de fútbol 11. Eran 12 equipos divididos en dous grupos. Nun grupo, o alumnado de 1º ESO tivo faltas de respecto cos compañeiros e co árbitro. En dúas ocasións suspendeuse o partido cando aínda non se completara o tempo. No outro grupo, no último partido de grupo que decidía a clasificación dun dos equipos para semifinais, houbo unha pelexa. Decidiuse suspender o que restaba de competición. Para cerrar este triste episodio, o departamento enviou un texto a xefatura para a súa publicación en Abalar:

“O pasado mércores 21 de xuño organizouse un campionato de fútbol 7 no IES Santa Irene, que como xa se fixera o curso pasado, é unha excelente actividade para promover a actividade física e ensinar valores de respecto e comportamento. Pero como os centros educativos e a sociedade son vasos comunicantes, déronse situacións de moitos equipos que tiveron unha actitude cívica e respectuosa, e algúns equipos cun comportamento incívico, desconsiderado hacia os demais e nalgún momento bochornoso. O IES Santa Irene depende moito máis do aire público en que íntegramente flota, que do aire pedagóxico artificialmente producido dentro dos nosos muros. Como docentes seguiremos traballando para transformar a realidade, véndonos como docentes creadores e non como docentes reprodutores”.

Xefatura non estivo de acordo coa súa publicación aducindo que a mensaxe podía ocasionar máis confusión entre as familias. O departamento non estivo de acordo con esta resposta, por se unha actividade de centro, que involucrou a todos os grupos e que polo tanto as familias deberían ter coñecemento do acontecido, aínda que para iso se podería detallar máis o texto a enviar.

Por último, e tan só en proxecto, Carlos Ferro aventurouse nunha agrupación de centros educativos. Realizou o proxecto específico do IES Santa Irene para participar cun tema relacionado coa saúde xunto con outros catro centros de España. Esperamos que o traballe feito teña resultados positivos.


7. AVALIACIÓN DA ACTIVIDADE DOCENTE E PROGRAMACIÓN DIDÁTICA

Foi avaliada nas reunións de departamento e en rexistros anecdóticos que o xefe de departamento foi recollendo. Os puntos máis importantes a salientar son:

- Nesta especialidade cunhas características diferentes ó resto de materias, o profesorado debería ser exclusivamente especialista da materia.
- Pouca sensibilidade de Xefatura por non ter en conta as peticións do departamento. Había tres días a última hora que coincidíamos os tres profesores. Ocasionou trastornos para impartir os contidos e ter que compartir un pavillón entre 85 alumnos.
- Segue a ser unha anomalía difícil de entender que teñamos que saír a rúa para impartir as sesións de EF cando temos unha porta interior para acceder á instalación deportiva. Comentouse que a inicio do curso 23/24 plantexaranse posibles mobilizacións.


Ponencia Fisioculturismo: valora en conxunto os contidos, a estrutura organizativa, os ponentes.

25 respostas




Vela: valora en conxunto os contidos, a estrutura organizativa, o ponente.

17 respostas




Lei do Deporte: valora en conxunto os contidos, a estrutura organizativa, a ponente.

23 respostas




Algún grupo de maneira aillada asistiu a algunha ponencia máis. Fai a mesma valoración (Moi ben, ben, normal, mal, moi mal).



Que o que máis che gustou das Xornadas?

25 respostas



Que e o que menos che gustou das Xornadas?

Houbo algunha charla que durou menos que outras e resultáronme máis interesante que algunha das que durou máis tempo.

La exagerada duración de algunas de las jornadas

O longo diálogo na charla de Voleibol, unha parte de fisioculturismo (a das poses, expoñela sería difícil de sintetizar) e o monólogo da charla da Lei do Deporte

Que a muller da charla de fisioculturismo falara tan pouca, penso que ela debería haber sido a que explicara como eran os concursos femininos en vez de él

A monotonía do discurso en algunhas delas

Discamino

Que algunhas non lles daba a rematar de falar nas horas asignadas

Non poder ir a mais charlas .

lei do deporte

algunas se hacian un poco pesadas

A da Lei do deporte

NADA,GUSTÓUME TODO

Na de fisioculturismo que a muller non falara tanto.

No sé, a las pocas que fui me gustaron mucho, sobre todo la de Discamino

En la de fisioculturismo no habló la chica

Non me gustou nada a de lei do deporte. Non se entendía moito porque nomeaban moitas leis sen poñer exemplos. Era confuso e moi fácil deixar de prestar atención.

Que alguna charla no estaba bien organizada

Que algunhas non foron moi dinámicas

Nada, me gustaron mucho.

nada

voleibol


á da lei do deporte

Foi pouco tempo

Non sabría dicir nada.

Todas fueron interesantes :))

Valora cada ponencia a que asistiches (valora en conxunto ó ponente, os contidos, a organización):



Que é o que máis che gustou das Xornadas?

perder clase

Los discursos

Que todos puideran participar

El concierto

gimnasia rítmica

Toda la información dado y que estuvieran alumnos que practicasen ese deporte

Que algunas eran interesantes

Q foron actividades novas

O tempo que perdín para non asistir a clase

ximnasia rítmica

Que perdi clase

O descanso que tuvimos

conocer a profesionales del deporte

Algunhas era entretidas e se podía aprender algo

A charla de volei porque foi a mais amena e divertida

La alta profesionalidad de los profesionales presentes

Perder clase

A charla da ximansia rítmica

As anécdotas que contaban os deportistas

Que viñera xente que estudou no mesmo instituto ca nós.

Me gustó la jornada de gimnasia rítmica

A actuación de música

Culturismo

El fisioculturismo

O fisicoculturismo parecerme moi interesante

El personal que daba la charla debido a que supo como explicarnos de una manera entretenida y dudactica

O fisioculturismo que foi interesante

O voleibol ya que me gusta o deporte

Que era xente dese deporte ou dese ámbito e podían contarte o deporte dende a súa propia experiencia

Que había una charla que esta moi ben

Fueron interesantes, sobre todo la de voleibol, porque había comentarios interesantes desde distintos puntos de vista (entrenador, jugador, etc.)

Lo mejor fue el concierto de alumnos

A cornada de vela xq foi a mais interesante

A que mais me gustou foi a de ximnasia ritmica

Aprender sobre la historia del deporte en esta ciudad.

Que é o que menos che gustou das Xornadas?

Que algunhas se facían moi largas porque algúns temas eran moi aburridos

O que menos que algunhas foron moi aburridas

No poder ir a todas

algunas cosas foron moi aburridas

Que algunas eran un toston

Que no se escuchaba a veces

A ximnasia rítmica foi moi aburrida

Que en algúns momentos as charlas eran aburridas

que eran aburridas algunas

última era moi aburrida pero boa sesta

La última de las leyes, muy aburrido

O aburrimiento q as veces se sentía

que todas as charlas seguirán o mesmo esquema

Outras eran moi aburridas e non se conseguía aprender nada

A leí de deporte porque foi a charla mas aburrida porque era todo moi lento e aburrido

Se hacen muy largas y aburridas cuando sueltan toda la información sin ningún tipo de aportación extra para hacer amena la charla, ya que si no la gente pierde el interés y así es muy probable que se haga larga y tediosa para el público. Propongo pulir más los esquemas y hacerlos más viables para la exposición. Un saludo y muy buenas tardes.

que nos echaran

Que no nos dejaras ver todas

A charla da leí do deporte foi moi aburrida

Algunhas facíanseme moi longas.

Na presentación das persoas a profesora dicía cousas totalmente innecesarias.

Que algunhas eran moi aburridas

Algunas charlas eran muy aburridas

que algunas charlas eran muy aburridas

Que no todos los cursos podían

Que no nos dejaron elegir cuáles hacer

Que solo tenías unas charlas en concreto para tu curso y si te gustaba alguna y no era para tu grupo no podías ir

La gimnasia rítmica

A lei do deporte non entendín nada

Que alguna era muy larga

A Lei do deporte que se me fixo aburrida

La vela porque no me gusta

Algunas fixéronseme un pouco longas

Que quería asistir a algunhas charlas e non se podía

Que non todos podíamos asistir a las charlas que queríamos, y me pareceo mala idea que las charlas fueran todas en la última semana de curso antes de las vacaciones de navidades porque era muy cansado


A de gimnasia rítmica xa q parece un deporte inútil

A que menos me gustou foi a lei do deporte


Hubo veces en las que fueron un poco aburridas las charlas.

Que interese despertaron as Xornadas?


7 respostas




Contido das Xornadas:



Valora a idoneidade da/s ponencia/s ás que asistiches:



Aspectos organizativos



COMENTARIOS QUE QUEIRAS ENGADIR

Estivo moi ben

Foron unhas xornadas moi interesantes.

Un traballo excelente. O deseño moi didáctico

Dejo en branco aquilo de lo que no puedo opinar (no asistí y por tanto no tengo criterio para valorar ponencias, contenidos, etc.). Sí quiero destacar que no me parece adecuado emplear tanto tiempo: se prescinde de demasiadas horas de clase. Y 2º de Bachillerato debería quedar al margen

Conseguiu sorprender ó alumnado.

Pareceume unha gran idea. So quero felicitarvos dende aquí, e penso que deberíamos repetilo todos os anos.

Quero aclarar que a miña percepción sobre o papel do deporte como elemento inclusivo non mudou porque xa estaba moi segura da idoneidade do deporte como elemento integrador das persoas con discapacidade.

Algunha ponencias non estaba preparada axeitadamente por parte do expoñente. Tamen entendo que non teñen que ser profesionais, bastante fan con vir.

COMO SE PODEN MELLORAR ESTAS XORNADAS?

Con máis información previa

Non o sei, todo estivo ben organizado.

Eu penso que está Moi ben diseñadas

Seleccionando mejor a qué cursos van dirigidas; buscando con detalle las horas lectivas menos lesivas para la marcha académica de los distintos cursos/grupos. Y una reflexión final: valoro muy positivamente la iniciativa, que haya profesorado entusiasta que impulse estas acciones (para un centro "consolidado" como el nuestro es vital); pero también debe coordinarse con esmero desde la dirección, intentando buscar el equilibrio para no caer en el exceso, ¿qué ocurriría si los 17 departamentos propusiéramos/desarrolláramos algo similar?

Pode que non tan prolongados ó longo de varios días.

O ideal sería que os rapaces experimentaran na súa pel como é o deporte adaptado. Practicando un deporte cos ollos tapados, ou cunha man inutilizada, ou facendo un percorrido con discamino. Non sei se iso é posible, pero penso que así verían o esforzo e a superación dos deportistas discapacitados.

Maior difusión